

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

EAN

**XIV Encontro de
Artistas Novos Cidade
da Cultura**

GAL

#EAN14

25—29 Ago 2024



**XUNTA
DE GALICIA**







#EAN14

Do 25 ao 29 de agosto de 2024
Santiago de Compostela

Gaiás, Cidade da Cultura

Santiago de Compostela

A Cidade da Cultura de Galicia converterase por décimo cuarto ano consecutivo nun espazo de encontro no que creadores e creadoras emerxentes terán a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais. Será no *XIV Encontro de Artistas Novos, #EAN14*, que se celebrará do 25 ao 29 de agosto de 2024 na Cidade da Cultura de Galicia, Santiago de Compostela, coordinado unha edición máis por Rafael Doctor.

O *Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura* busca favorecer a convivencia entre artistas emerxentes de Galicia e procedentes doutros lugares, ademais de poñer en contacto os e as participantes con axentes do sector de eidos como a crítica e o comisariado, que participan no encontro como art followers. Como cada ano, o EAN traerá ao Gaiás a artistas cunha traxectoria recoñecida, como **Chechu Álava, Javier Calleja, Elena Fernández Prada e David Catá** para compartir as súas experiencias e reflexións ao redor do mundo da arte.

Cada participante do *EAN14* realizará unha presentación pública centrada no seu traballo e proxecto creativo persoal, que servirá de plataforma e escaparate das súas creacións.

O *XIV Encontro de Artistas Novos* conta cun total de 40 prazas ás que poden optar profesionais nados/as entre 1989 e 2006 –ambos inclusive–, tanto estudantes e graduados/as en Belas Artes ou afíns, como todas aquelas persoas que demostren unha traxectoria ou proxecto artístico. Seguindo a senda iniciada en anteriores edicións do EAN, 10 das 40 prazas dispoñibles estarán abertas a artistas maiores de 35 anos, que deberán reunir os mesmos requisitos que as demais persoas candidatas. Con esta proposta, o EAN busca formular un diálogo con artistas de diferentes xeracións nun proceso creativo aberto.

A consecución dunha praza no *EAN14* inclúe matrícula, estancia en réxime de pensión completa e transportes diarios desde Santiago ata a Cidade da Cultura.

O *XIV Encontro de Artistas Novos* está organizado pola Xunta de Galicia a través da Fundación Cidade da Cultura.

Ademais, no marco do EAN convócase o Concurso de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk, dirixido aos e ás participantes no Encontro, que poden optar a realizar unha proposta de intervención artística nas Torres Hejduk da Cidade da Cultura.

PROGRAMA

XORNADA BENVIDA

Domingo, 25 de agosto de 2024

16:00-20:30 h. Recepción de participantes
21:00 h. Cea de benvida

XORNADA I

Luns, 26 de agosto de 2024

09:00 h. Almorzo
10:00-12:00h. Benvida institucional e percorrido pola Cidade da Cultura
12:00-14:00 h. Presentación artista convidado: **David Catá**
14:00-16:00 h. Xantar
16:00-17:30 h. Foro Aberto I (catro participantes)
17:30-18:00 h. Descanso
18:00-19:30 h. Foro Aberto II (catro participantes)
21:30 h. Cea

XORNADA II

Martes, 27 de agosto de 2024

09:00 h. Almorzo
10:00-12:00 h. Foro Aberto III (cinco participantes)
12:00-12:30 h. Descanso
12:30-14:30 h. Foro Aberto IV (cinco participantes)
14:30-16:00 h. Xantar
16:00-18:00 h. Presentación artista convidada: **Elena Fernández Prada**
18:00-20:00 h. Foro Aberto V (cinco participantes)
21:30 h. Cea

XORNADA III

Mércoles, 28 de agosto de 2024

09:00 h. Almorzo
10:00-11:00 h. Presentación artista convidado: **Javier Calleja**
11:00-12:00 h. Foro Aberto VI (cinco participantes)
12:00-12:30 h. Descanso
12:30-14:30 h. Foro Aberto VI (sete participantes)
14:30-16:00 h. Xantar
16:00-19:00 h. Foro Aberto VII (cinco participantes)
21:30 h. Cea

XORNADA IV

Xoves, 29 de agosto de 2024

10:00 h. Almorzo
11:00 -12:00 h. Presentación artista convidada: **Chechu Álava**
12:00 – 12:30 h. Presentación do proxecto gañador do Concurso de intervencións artísticas nas Torres Hejduk do EAN13
12:30 -13:00 h. Peche e entrega de diplomas
13:00h. Inauguración do proxecto gañador do Concurso de intervencións artísticas nas Torres Hejduk do EAN13

BIOGRAFÍAS

DIRECCIÓN:

RAFAEL DOCTOR RONCERO



HISTORIADOR DA ARTE,
ESCRITOR, COMISARIO E
XESTOR CULTURAL

En 1998 crea e dirixe a revista *Apartado 14.479* e comeza a

colaborar en diferentes medios de comunicación de arte contemporánea. Desde 1993 ata 2000 está a cargo da programación da sala de exposicións do Canal de Isabel II de Madrid onde comisaria varias exposicións de fotografía contemporánea e onde pon en marcha as *Jornadas de Estudio de la Imagen de la Comunidad de Madrid*, que dirixe nas súas primeiras sete edicións.

En 1997 asume a creación e dirección do Espacio Uno do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid, onde estará ata 2001 comisariando unha vintena de exposicións. Ese mesmo ano no marco da Bienal de Venecia comisaria a exposición *Ofelia y Ulises. En torno al arte español contemporáneo* e comezará a ser o encargado da programación artística e didáctica da Casa de América de Madrid.

Desde finais de 2002 ata principios de 2009 pon en marcha e dirixe o MUSAC, Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León.

Comisaria a *Noche en Blanco* de Madrid en 2009 e en 2010 a *Noche de la Luna Llena* de Segovia.

Desde outubro de 2009 a outubro de 2010 é director da Fundación Santander 2016.

Desde 2011 ata a actualidade dirixe anualmente en Santiago de Compostela o *Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura*.

En todos estes anos imparte numerosas conferencias e cursos en Centros de Cultura e Universidades de España, Europa e América e é xurado dos premios máis importantes de arte nacionais así como autor de numerosos textos para libros de arte e catálogos.

En 2003 recibe a Medalla do Mérito Civil de parte do Ministerio de Asuntos Exteriores pola súa labor na expansión da cultura española.

É autor da novela *Masticar los tallos de las flores regaladas* (Almuzara 2006) e *La Tormenta de amor* (2013) e dos libros *Una historia (otra) de la fotografía* (Taller de Arte, 2000) e *Historias de la fotografía* (Taller de Arte, 2002).

En 2013 dirixe a publicación *Arte Español Contemporáneo. 1992-2013* (La Fábrica), primeiro libro sobre historia da arte española deste período.

Durante o período de 2017 a 2019 é director do Centro Andaluz de Fotografía, CAF, de Almería.

Na actualidade traballa como comisario independente, imparte cursos e obradoiros en diferentes institucións e é creador e director da editorial Los Doscientos, centrada en libros de artista e libros de historia da fotografía. Ademais, é fundador da plataforma Capital Animal desde a que se tenta unir a cultura, a arte e o pensamento ao redor da loita animalista.

ARTISTAS:

CHECHU ÁLAVA



PIEDRASBLANCAS
(ASTURIAS), 1973

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Salamanca, especialidade de Pintura. En

1995 estudou cunha bolsa Erasmus na Gerrit Rietveld Academie de Ámsterdam. Tras residir en Londres e Madrid, desde 2001 vive e traballa en París.

As súas obras parten dunha viaxe de ida e volta entre o mundo exterior e o interior, entre o consciente e o inconsciente. Chechu Álava crea retratos oníricos que nacen da súa paixón pola Historia da Arte á vez que desafían e cuestionan a narrativa patriarcal.

Os seus cadros a miúdo resucitan a obra de mulleres artistas e poetas que Chechu Álava recoñece como modelos de inspiración —Suzanne Valadon, Anna Akhmatova, Lee Miller... Ás veces, as súas pinturas rescatan as representacións femininas do equívoco da mirada masculina, tomándoas prestadas de antigas obras de Botticelli, Balthus ou Cranach. Con todo, estas versións case nunca son citas directas. Trátase máis ben de reinterpretacións e reconstituicións, construídas (como un Frankenstein) a partir de múltiples referencias.

En 2020 o Museo Thyssen-Bornemisza de Madrid presenta a súa exposición individual *Rebeldes*, dentro do programa *Kora*, acompañada dunha monografía

BIOGRAFÍAS

de artista. En 2014 o seu traballo foi seleccionado por un xurado internacional para formar parte do catálogo *100 Painters of Tomorrow*, publicado pola editorial Thames and Hudson. A súa obra atópase en institucións como o Museo de Belas Artes de Asturias, a Fundación DKV, o Ministerio de Cultura Español e en coleccións privadas de México, Francia, Italia, Colombia, Alemaña, Portugal, Estados Unidos, Corea do Sur, Sudáfrica e España.

JAVIER CALLEJA



MÁLAGA, 1971

Javier Calleja naceu en 1971 en Málaga, onde vive e traballa actualmente.

Ao longo

dos anos, Calleja centrouse no debuxo, a instalación, a escultura e a pintura, a miúdo xogando coa escala e a perspectiva nas súas representacións. Traballando tanto en minúscula como en grandes dimensións, as súas instalacións centrábanse regularmente en seducir ao espectador como unha parte importante do traballo.

Despois de darse a coñecer en España e Europa, debutou en 2017 na prestixiosa galería AishoNanzuka de Hong Kong coas súas personaxes de ollos xigantes. Orixinalmente imaxinados como representacións visuais dos propios sentimentos e experiencias do artista, convertéronse no seu sinal inconfundible.

Ao longo dos anos, as personaxes evolucionaron de debuxos e

pinturas a esculturas e obxectos, representando case exclusivamente a un rapaz na idade de transición da nenez á adolescencia. Con ollos vidrosos de gran tamaño e un sutil engadido de rubor vermello, os personaxes de Calleja son pequenos heroes que acaban de superar algo doloroso e están a piques de sorrir de novo despois de chorar.

O seu incontestable éxito internacional, de especial implantación en Asia, levouno a consolidarse como un dos creadores máis demandados do momento: en marzo de 2021, a filial de Christie's en Hong Kong vendeu a súa obra *Waiting For a While* por 1,14 millóns de dólares. Javier Calleja traballa con Nanzuka Underground, Aisho Nanzuka e Almine Rech Gallery.

DAVID CATÁ



VIVEIRO, 1988

Artista plástico que traballa a fotografía, a pintura, a performance, a videocreación

e a música. Compatibilizou os seus estudos de acordeón no conservatorio profesional de música co Grao en Belas Artes (2010) pola Universidade de Vigo. Posteriormente, continuou os seus estudos artísticos en Madrid cursando o mestrado "Concepto e Creación" no Centro Internacional de Fotografía e Cinema, EFTI (2011), sendo recoñecido co premio fin de estudos ao mellor da súa promoción.

A súa paixón pola música levouno a estudar piano de maneira

autodidacta, compoñendo pezas musicais inspiradas nos seus proxectos plásticos, dotándoos así de banda sonora propia.

O seu proceso creativo establece un diálogo entre a memoria persoal e o acto creativo. O poder de evocación dos obxectos persoais e as fotografías do seu álbum familiar sérvenlle como inspiración. O efémero da vida, a pegada física e inmaterial, a dor emocional... están estreitamente ligados á súa traxectoria artística.

En 2011 participou na primeira edición do *Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura*. A súa obra foi exposta en diferentes países e posúe recoñecemento internacional como artista seleccionado en concursos e exposicións de Camboxa, México, Perú, Chile, Brasil, Alemaña, Estados Unidos, Portugal, ou España. Foi galardoado con recoñecementos como o 1º Premio de artes plásticas da Deputación de Ourense (en dúas ocasións 2019 e 2010), 1º Reganosa (2015), 1º Premio de arte mural do festival AMARTE Burela (2019), entre outros. En 2023 foi seleccionado como artista español para o *Silk Road Artists, Rendezvous - China Tour for European Artists*.

BIOGRAFÍAS

ELENA FERNÁNDEZ PRADA



LEÓN, 1971

Licenciada e doutora en Belas Artes pola Universidade de Vigo. É profesora na Facultade de

Belas Artes de Pontevedra.

Ao principio da súa traxectoria traballa con vídeo e fotografía, participando en exposicións colectivas en centros como o MNCARS, Centro de Arte Reina Sofía de Madrid, o CGAC de Santiago de Compostela ou o MARCO de Vigo.

A partir de 2005 vai dedicar o seu traballo creativo á pintura e ao debuxo. É seleccionada en certames de ámbito nacional como o XXXIII Premio Bancaja de Pintura, Escultura e Arte Dixital (IVAM, Valencia, 2006) ou a IX Mostra Internacional Unión Fenosa (MACUF, Coruña, 2006). En 2006 recibe a Bolsa de Creación Artística MUSAC. En 2008, participa na exposición *Existencias* neste mesmo centro.

A partir dese momento participará en numerosas exposicións colectivas tanto en España como no ámbito internacional, entre as que destacan: *Lo real maravilloso*, no MUSAC, León, 2013, e MOT Museo de Arte Contemporánea de Tokio, 2013-14; *Animalista*, La Casa Encendida, Madrid, 2016; o proxecto *HISPAM*, Instituto Cervantes Roma, 2017; *En lo salvaje*, Centro de Arte de Alcobendas, Madrid, 2017.

Entre as súas exposicións individuais destacan: *Viaje a Surinam*, La New

Gallery, Madrid, 2012; *Buscando la Felicidad*, C.E.A.R.T. Centro de Arte Tomás y Valiente, Fuenlabrada (Madrid), 2014; *La caza*, Fundación Laxeiro, Vigo, 2015; *Hispanam*, Centro Culturale Aldo Fabrizi, Roma, 2017; *Improvisación*, SVT, Vigo 2020; *Bus Seat fabric*, Pombal Gallery, Bueu, Modular, Cine-teatro Joao Verde, Monçao, 2024.

ART FOLLOWERS:

JAVIER DIAZ-GUARDIOLA



XORNALISTA E COMISARIO DE EXPOSICIÓN

Javier Díaz-Guardiola (Madrid, 1976) é licenciado en Xornalismo

pola Universidad Complutense de Madrid. Iniciouse profesionalmente na Axencia EFE e o diario ABC, así como en diferentes gabinetes de prensa. Colaborador de publicacións culturais como Turia. Coautor do libro *Madrid Creativa. Diccionario de 200 artistas imprescindibles que trabajan en la Comunidad de Madrid* (CAM, 2007), e *Intransit. Un laboratorio universitario de creación* (Ediciones Complutense, 2019), así como autor de numerosos textos para catálogos.

Foi comisario de *Circuitos'08*, o programa de promoción da arte moza da Comunidad de Madrid, *En proceso: disculpen las molestias* (galería Raquel Ponce, 2010), *Matar al mensajero. Jóvenes artistas y medios de comunicación de masas* (Galería Fernando Pradilla, 2013), *Yoknapatawpha*, de Blanca Gracia, en Espacio Sin Título (2014-2015),

Courant, con María Chaves e Jan Mathews en Factoría de Arte y Desarrollo (2020), *Vivimos el mejor de los tiempos. Estamos empezando a construir el Paraíso* (Palacio de Santoña. Madrid) e *¿Puedo dar de comer a los monos de Gibraltar?* (Espacio Sin Título. Cano Estudio. Madrid), as dúas de Aljoscha xunto á La Bibi Gallery (2021), e *Bodegones plastificados*, de Alejandro Calderón, en galería Estampa (2022).

Da mesma natureza, pero fóra do cubo branco, destacan os proxectos comisariados coas redes sociais como base de operacións, onde sobresaen *La familia Real. Al sol del membrillo*, co que se instaba aos artistas que quixesen colaborar a realizar un auténtico retrato da Familia Real low-cost, en 24 horas e moi por debaixo do orzamento pagado a Antonio López para a súa *Familia de Juan Carlos I*, e sete edicións de *Alégrames esas pascuas* (2016-2022), nun desexo de resucitar a tradición de felicitar as festas do Nadal a través de felicitacións artísticas. As tres últimas culminaron cunha exposición de 24 horas en Factoría de Arte y Desarrollo, co apoio en 2018 de Gunter Gallery.

Na actualidade coordina as seccións de arte, arquitectura e deseño de ABC Cultural e é redactor-xefe de ABC de ARCO, a revista oficial da feira de arte contemporánea de Madrid. É autor do blogue de arte contemporánea *Siete de un golpe*.

BIOGRAFÍAS

SARA DONOSO



COMISARIA E XESTORA CULTURAL

É doutora en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e conta ademais

con estudos de grao en Belas Artes na Facultade de Pontevedra e dous mestrados: en Arte, Museoloxía e Crítica Contemporáneas e en Estudos da Literatura e da Cultura, ambos os dous da USC.

Centra a súa carreira en dinamizar a cultura e a arte a través de textos, proxectos didácticos e exposicións. Desenvolve actividades de mediación e comisariado para institucións como a Facultade de Belas Artes de Pontevedra ou o CGAC, Centro Galego de Arte Contemporánea, en Santiago de Compostela. Tamén colaborou con organismos como a Fundación DIDAC (Santiago de Compostela), a Fundación Rac Arte Contemporánea (Pontevedra) ou a Fundación Artesanía de Galicia. Actualmente encárgase da programación expositiva da Sala Alterarte do Campus de Ourense (Universidade de Vigo) e entre as súas últimas exposicións destacan *Formas propias. Deseño para a innovación en Galicia* (co-comisariada con David Barro na Fundación DIDAC), *Atrezo-territorio. Christian Villamide* (Galería Marisa Marimón, 2022) e o proxecto *Unha mirada a Galicia. Colección CGAC*, tres mostras colectivas que revisan os vinte últimos anos da arte en Galicia a través da colección desta institución (2021-22).

Como crítica, colaborou con medios como Transit, Fotocinema, Otros Cines Europa, Radio Galega (CRTVG), Luzes ou Obradoiro de Artesanía. Entre as súas publicacións destacan a serie *En tránsito. Entrevistas a ex-alumnado da Facultade de Belas Artes* (2020-23), *Miradas cruzadas* (2019) ou *Paisaxe e pintura no audiovisual galego contemporáneo* (2016). Foi recoñecida co Premio Talento Mozo na modalidade de Cultura e Creación, outorgado pola Xunta de Galicia (2020).

MARTÍN MONICHE



XORNALISTA, COMUNICADOR E XESTOR CULTURAL

Málaga (1977). Licenciado en Xornalismo pola Universidade de Málaga, é especialista en

Comunicación e Xestión Política pola Universidade Complutense de Madrid. Xestor e axitador cultural, actualmente é programador cultural de La Térmica, Centro de Cultura Contemporánea da Deputación de Málaga; da que é membro fundador. Desenvolveu programacións na área de Cultura e Educación da Deputación de Málaga, destacando as súas novidosas propostas para os ciclos de música do Centro Cultural Provincial e para festivais como Ojeando festival ou Los Álamos Beach Festival. Participou en iniciativas cidadás tales como Neotateneo, o grupo mozo do Ateneo de Málaga ou a Plataforma Cidadá polo Mercado das Artes.

Colaborador habitual en medios de comunicación como La Opinión de Málaga e Diario Sur, actualmente participa semanalmente con 101tvAndalucía como codirector e copresentador do programa de cultura e entretemento *Holi!*. DJ, artista e cantante ocasional.

EDUARDO VALIÑA



ARTISTA E COMISARIO DE EXPOSICIÓNS INDEPENDENTE

Licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela.

Artista e comisario independente. Durante os anos 2001, 2002 e 2003 é co-comisario do *Proxecto Procesalia* para a USC no que participan artistas e institucións galegas, nacionais e internacionais. Asesor artístico e coordinador da galería Espacio 48 durante os anos 2002-2006. Dirixe, comisaría e coordina durante os anos 2001-2006 a Bienal SACO Arte Contemporánea para o Concello de Sarria, Lugo.

Realiza comisariados noutras institucións como a Fundación Eugenio Granell, o CGAC, a Cidade da Cultura de Galicia, a Fundación Luís Seoane, o Museo provincial de Lugo, Cultura Cádiz –Castillo de Santa Catalina, o Centro Cultural Marcos Valcárcel, etc. Coordina proxectos en institucións como o Museo de arte contemporáneo Esteban Vicente de Segovia ou a Fundación Caja Burgos, entre outras. Na actualidade traballa como Conservador xefe da

BIOGRAFÍAS

Fundación Eugenio Granell de Santiago de Compostela.

Comeza a expor a finais dos noventa, centrando o seu discurso arredor da identidade, a cultura rural, a paisaxe humana e o territorio. Participa en diversas exposicións individuais e colectivas, tanto en Galicia como a nivel nacional, así como en Portugal, Cuba, Bruxelas, Romanía.... Destacan as exposicións *O espectáculo da periferia* para o Museo Barjola de Gijón e a Casa da Parra de Santiago de Compostela en 2009; *Páramo* no Museo provincial de Lugo en 2004; *Palafitos e Vender parcelas de ceo* no coro da Igrexa da Universidade, nos anos 2000 e 2001. En 2010 participa no proxecto de intervencións no medio natural da Ruta Fiz Vergara Vilariño, en Lóuzara, Samos (Lugo). Participa en diferentes proxectos de intervención como *Compañías convenientes* para a Fundación Cela, ou en distintas edicións da Bienal Internacional de arte de Cerveira.

Colabora con diferentes iniciativas culturais, e ten presentado os seus proxectos en diferentes galerías, institucións e espazos culturais como DF, Espacio 48, Metro (Santiago de Compostela), Por amor a arte (Oporto), LX Factory (Lisboa), Jääl Photo Madrid, Off Limits (Madrid), O Armacén (Porto), República das artes (Vilanova da Cerveira), ou en Under the subway video art night (NY), entre outras.

RUBÉN D. ALVES LÓPEZ



DOCENTE E DIVULGADOR

Rubén compaxina o seu labor docente en diferentes universidades nacionais e

internacionais co seu amor pola arte. Esta paixón levouno a crear seis anos atrás unha conta en Instagram, @beninmadrid, como plataforma de promoción e divulgación de todo o que acontece na escena artística. No seu afán por dar a coñecer tanto a artistas emerxentes como consagrados queda patente a súa experiencia no campo do desenvolvemento de competencias comunicativas en contornas tecnolóxicas de información e comunicación.

Sabemos comunicar o que queremos? Pode un elemento audiovisual coma unha imaxe ou un vídeo realmente transmitir o concepto, o sentimento ou a reacción que o/a artista desexa? É realmente necesario e inevitable estar presente nas redes sociais como medio de comunicación da produción artística? E en caso de estar presentes, estamos a facelo ben? Estas e outras moitas cuestións son ás que ten que enfrontarse de forma inexorable e repetitiva calquera axente do circuíto artístico á hora de comunicar.

BASES DA CONVOCATORIA

OBXECTO

O Departamento de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia convoca 40 prazas gratuítas para a participación no *XIV Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura* que terá lugar na Cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela do **25 ao 29 de agosto de 2024**.

CARACTERÍSTICAS

As 40 prazas terán dous ámbitos de participación:

1. **Autonómico**, mediante o que se concederán un 50% das bolsas a solicitantes nados/as ou residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. **Nacional/Internacional**, no que o 50% das bolsas serán concedidas a solicitantes procedentes de fóra de Galicia (tanto do resto de España coma doutros países).

Dentro do programa do *XIV Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura* celebrarase o «Foro Aberto», no que os e as participantes terán a obriga de amosar os seus traballos mediante unha curta presentación a modo de conferencia de 10 minutos para a que achegarán o seu propio material audiovisual debidamente preparado e presentado con antelación. As presentacións realizaranse en español, galego ou inglés e en ningún caso a institución facilitará tradución simultánea.

DOTACIÓN

Os e as **40 participantes** no *XIV Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura* obterán unha dotación que inclúe:

1. **Matrícula de inscrición**.
2. **Estancia en réxime de pensión completa** desde o domingo 25 de agosto ata o xoves 29 de agosto de 2024 —ambas xornadas inclusive—.
3. **Transportes diarios** ata a Cidade da Cultura de Galicia.

Durante o tempo de goce desta dotación, cada unha das persoas seleccionadas estará cuberta por un seguro de enfermidade e accidentes.

Os desprazamentos a Santiago de Compostela desde o lugar de residencia e posterior regreso serán sufragados polas persoas beneficiarias.

CONDICIÓNS

Poderanse presentar profesionais que **nacesen entre 1989 e 2006**, ambos os dous anos inclusive.

Reservaranse ata un **máximo de 10 das 40 prazas a artistas maiores de 35 anos**, tanto de Galicia como procedentes doutros lugares.

A convocatoria é aberta e poderán concorrer a ela tanto estudantes e graduados/as en Belas Artes —e afíns—, como todas aquelas persoas que mediante a documentación presentada demostren ter unha traxectoria ou proxecto artístico.

Se a solicitude provén dun colectivo, aquelas persoas integrantes do mesmo que quixesen optar a algunha das prazas deberán realizar solicitudes independentes.

DOCUMENTACIÓN

Para a obtención dunha das 40 prazas será condición non ter gozado dela en edicións anteriores do Encontro.

A persoa solicitante deberá presentar vía email (**encontro.cdc@xunta.gal**) a documentación detallada a continuación, compilada **nun único documento** en formato PDF que inclúa:

1. Boletín de inscrición. O boletín pode descargarse en formato pdf na web www.cidadedacultura.gal.
2. Fotocopia do DNI ou pasaporte.
3. Curriculum Vitae abreviado — máximo 1 páxina—.
4. Dossier de presentación do traballo artístico en formato dixital —máximo 15 páxinas—.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de admisión de solicitudes e documentación finaliza ás **14:00 horas do venres 24 de maio de 2024**.

Non se aceptará documentación recibida con posterioridade a esta data.

DECISIÓN E PUBLICACIÓN

A listaxe provisional de persoas seleccionadas será publicada na web www.cidadedacultura.gal o **venres 14 de xuño de 2023**.

BASES DA CONVOCATORIA



FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN

As persoas seleccionadas deben aceptar a súa participación vía correo electrónico indicando nome e apelidos e número de DNI ou pasaporte (segundo o sinalado na solicitude) no enderezo **encontro.cdc@xunta.gal** antes do **venres 21 de xuño de 2024**.

A ausencia desta confirmación será entendida pola organización como de declinación por parte da persoa solicitante e recorrerase á listaxe de suplentes.

A listaxe definitiva publicárase o **martes 25 de xuño de 2024**.

GRAVACIÓN E DIFUSIÓN DE IMAXES

As persoas seleccionadas que acepten a súa participación aceptan tamén a gravación e difusión da súa imaxe a través de medios en soporte papel ou dixital, así como das diferentes redes sociais das que a institución participe.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no *XIV Encontro de Artistas Novos* supón a aceptación total destas bases. A institución resérvase o dereito de resolver, da forma que considere oportuna, calquera situación non prevista nas mesmas.

MÁIS INFORMACIÓN

encontro.cdc@xunta.gal
www.cidadedacultura.gal

#EAN14

XIV ENCONTRO DE ARTISTAS
NOVOS CIDADE DA CULTURA

Do 25 ao 29 de agosto de 2024
Santiago de Compostela